

REDE DE CENTROS DE CAPACITACIÓN DIXITAL

O IES Fernando Blanco de Cee forma parte dende o ano 2023 da **Rede de centros de capacitación dixital**, sendo o único centro da comarca con esta atribución.

A creación da rede de capacitación dixital é unha iniciativa conxunta do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, o Ministerio de Educación e Formación Profesional en colaboración coas consellerías de educación das Comunidades Autónomas.

A actuación supón a incorporación de centros sostidos con fondos públicos, con aulas e actuacións específicas dedicadas á capacitación dixital da cidadanía, nos que poida impartirse unha formación de carácter non formal asociada, entre outras posibles, a unha cualificación de nivel 2 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Estes centros de capacitación dixital terán como obxectivo, seguindo o Plan Nacional de Competencias Dixitais, establecer os medios para que toda a poboación adquira aquelas capacidades dixitais que lles permitan interactuar como usuarios independentes con entidades financeiras, administracións, organismos e outras entidades, así como abrir oportunidades para complementar nos sistemas educativo e formativo ditas capacidades como instrumento ordinario de traballo.

A Rede de Centros de Capacitación Dixital permitirá á cidadanía formarse en competencias dixitais transversais necesarias para desenvolverse de forma cotiá nunha sociedade cada vez máis dixitalizada, na que servizos esenciais, tales como a banca, o acceso ás administracións públicas ou o consumo realízase de forma telemática, excluindo de facto a un sector da poboación que, ben pola súa idade, polo seu baixo nivel de formación, ou pola súa vulnerabilidade, carecen das competencias dixitais necesarias, situándoos en clara inferioridade respecto da poboación xeral e empeorando de forma significativa a súa calidade de vida.

Por tanto, o IES Fernando Blanco vai ofrecer novamente, oportunidades de formación dixital con independencia da formación previa das persoas e facilitando, por tanto, un acceso a unha formación compatible coas obrigacións da cidadanía derivadas de distintas condicións persoais, laborais ou sociais.

Levarase a cabo unha formación específica de alfabetización dixital orientadas a maiores de 55 anos con baixo nivel de cualificación, atendendo especialmente á fenda de xénero, á poboación vulnerable e ás zonas rurais.

Estas novas actuacións formativas dixitais van por tanto, incrementar e completar as ensinanzas para persoas adultas que xa se impartían no noso centro, como a Educación Básica Inicial, a Educación Secundaria de Adultos ou as Ensinanzas Non Regradas (castelán e galego para persoas migrantes).

En concreto, as características desta formación serán as seguintes:

- Curso (ou formación) de 30 horas de capacitación dixital inicial (uso de ferramentas tic, móbiles, apps, interacción electrónica coa administracións e outros organismos, acceso a banca electrónica, consumo online, etc).
- Dirixido preferentemente a maiores de 55 anos ou a poboación vulnerable, zonas rurais, fenda de xénero... e que non estea matriculado en ningunha ensinanza regrada.

- As clases se impartirán en horario de tarde 3 horas ao día.

Esta nova quenda terá como prazo de inscrición e matrícula do 5 de marzo ao 2 de abril.

Os cursos darán comezo o 2 de abril e previsiblemente serán os martes, mércores e xoves pola tarde, de 16:00 a 19:00h nas aulas de capacitación dixital do centro.